

# ELPROGRESO

## Francisco Fernández Davila, escritor: "A poesía galega de hoxe é punteira"

O escritor natural de Panxón acaba de gañar a sétima edición do certame de poesía Torre de Caldaloba, de Cospeito, co poemario 'xVO+' que percorre os sentimentos dunha rapaza de instituto marxinada que namora doutra. Foi descrito polo xurado como "unha voz poética fresca de versos que retumban".



Francisco Fernández Davila. AELG

[Nerea Magide](#) 22/nov/24

Enxeñeiro de profesión pero poeta no seu tempo libre, **Franciso Fernández Davila** aterrou en [Cospeito](#) co nome de **Albatros** para incorporar outro **premio** á súa carreira literaria, durante a que xa foi galargado, entre outros, no certame internacional de poesía en lingua galega **Rosalía de Castro** (2019) e no premio de novela curta **Antón Risco** (2023). A entrega do premio Torre de Caldaloba será esta sábado **23** de novembro no local social de **Pino**.

### **Acaba de gañar o primeiro premio do certame de poesía Torre de Caldaloba, como se sente?**

Agradecido, honrado e moi contento. Eu son de Panxón, en Nigrán, xa coñecía este certame porque teño amigos e compañeiros que se presentaron antes e apeteceume probar sorte. Xa me presentara varios anos e por fin me foi ben. (Ri).

### **A composición coa que gañou chámase 'xVO+', en que se inspirou para escribila?**

Cada un dos símbolos representa as catro partes nas que se divide o poemario, cada unha é un

sentimento da rapaza protagonista. O poemario é a historia dunha moza de instituto, que está marxitada e que se namora doutra rapaza. Eses catro sentimentos son a súa propia evolución: o comezo duro, o namoramento, a paixón e a ruptura.

### **Vostede traballa como enxeñeiro, como lle deu por achegarse á poesía?**

Gustoume dende neno, cando lin os meus primeiros poemas. Cando comecei a carreira e cando empecei a traballar, atopeime con que tiña menos tempo e necesitaba un entretemento, algo fóra do traballo. Así foi como comecei a escribir. Gústame, reláxame, dáme vida.

### **Cales foron eses primeiros poemas que leu de neno?**

Empecei a ler os románticos: Espronceda, Bécquer... Despois cheguei ás vangardas: Rubén Darío...E máis tarde a Alberti. Fun medrando e parei na carreira, que era moi esixente. Cando o retomei en 2017 descubrín as autoras galegas e alucinei: Enma Pedreira, Lupe Gómez, Estíbaliz Espinosa...

### **Como ve o panorama da poesía galega?**

A poesía galega de hoxe en día é punteira a nivel nacional, e incluso diría que tamén a nivel internacional. O que pasa é que temos unha lingua minorizada, cun estatus secundario, creo que se o noso idioma tivese un recoñecemento maior a poesía galega podería ser moito mellor considerada internacionalmente.

### **Cando pasou de ler poesía a escribila vostede mesmo, que temas o inspiraron?**

Teño épocas e vou mudando en cada unha delas. A miña primeira época estivo relacionada co mar, noutro momento no que faleceu miña nai estiven centrado na perda, nos temas familiares. Máis tarde tiver unha época na que me centrei na lingua, na desaparición do noso idioma. Nesta última etapa espertoume moito interese a adolescencia, ese momento tan intenso de busca da identidade, a reflexión sobre como eran as cousas no meu tempo e como son agora.

### **A poesía percíbese ás veces como un xénero menos atractivo. Que lectura recomenda a quen queira meterse no xénero?**

Calquera dunha autora galega actual, como Lupe Gómez. Cada unha ten o seu propio universo, polo que deben probar varias até que atopen a conexión coa súa propia. Sábese cando conectas porque notas unha especie de clic mental.

### **Que lle achega a poesía fronte a outros xéneros?**

Diversidade e frescura. A narrativa esixe moita concentración e moito tempo para que a peza sexa coherente e non teña fendas. Pode chegar un punto no que empachas e cansas. A poesía permite ir máis a saltos, pode seguir escribindo con outras formas, outros códigos. Así vou mudando de xénero.